

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16/08/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

#### **ALCALDE**

**José Marcote Suárez**

#### **TTES. DE ALCALDE**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

#### **SECRETARIO**

José Ramón Lema Fuentes

### **ASUNTOS**

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**
- 3º.- Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **21:30** horas do día **16/08/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 1 de Agosto de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes. -

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**

### **OBRAS MAIORES**

**A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:**

**A MARÍA ARENAS VALDOMAR MARCOTE**, para proceder ás obras de Rehabilitación dunha Edificación para destinala a local comercial, (Referencia Catastral 8607406MH7580N0001QT) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto **Básico de data Agosto de 2017 e Modificado do Proxecto de data Xullo 2018** redactados pola Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés, así como as condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na Autorización concedida con data 18 de Xuño de 2018 que constan no expediente; condicionada a que:

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

**EXPEDIENTE: 06/ 2017**

**CONCESION DA LICENZA: 16 de Agosto de 2018**

**ORDENANZA DE APLICACIÓN: Ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma interior (P.E.P.R.I) do Casco Histórico.**

**PROMOTORA: María Arenas Valdomar Marcote**

**CONSTRUTOR: -----**

**DIRECTOR DE OBRA: Xoan B. Alborés Tajés, Arquitecto .-**

**DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda, Arquitecto Técnico. -**

**NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: As existentes**

**USO: Local comercial e bar.-**

**PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN: Tres anos**

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente Visible.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Setecentos once euros con sesenta e seis céntimos (711,66 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de TRINTA E DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (32.348,16 €).

## COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

**A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso e liña soterrada de Baixa Tensión no Polígono 32, Parcela 213 na localidade de San Martiño de Abaixo deste Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Miguel Ángel Bernal López de data 7/05/2018 que consta no expediente; condicionada a:

- 1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada desta Corporación.-.
- 2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado
- 3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.
- 4) Cumprir todas as consideracións técnicas que se establecen na autorización dada por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, en Resolución de data 5 de Xullo de 2018.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Setecentos setenta e dous euros con setenta e tres céntimos (772,73 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos. - en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Cento cinco euros con trinta e sete céntimos (105,37 €) en concepto da taxa de servizos urbanísticos. -

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JESUS SANTOS INSUA**, veciño de Fisterra , (Rexistro de Entrada 168 de 19/01/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de fiestras e portas con revestimento de pedra na fachada da planta baixa nunha edificación (Referencia Catastral 8609123MH7580N0001YT) debendo axustarse na súa totalidade as condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na Autorización concedida con data 16 de Xullo de 2018 que consta no expediente.-

**Resultando** que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Xaneiro de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MANUEL DÍAZ ESCARIS, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.805 de 27/06/2018) para proceder á realización de obras consistentes na conexión rede de saneamento con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 001301800MH75D0001WQ) .-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Xullo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.-Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c.-Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

**d.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.**

**e.-No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.**

**f.-O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.**

**g.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.**

**h.-Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.**

**-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FRANCISCO LIRES RIVAS, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1.663 de 14/06/2018) co motivo da conexión do servizo de abastecemento de auga potable conectando coa rede xeral municipal que pasa pola zona, con destino a unha finca (Referencia Catastral 8103622MH7580S0001RD) .-**

**Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 25 de Xuño de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.**

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:**

**a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.**

**b.-A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.**

**c.-Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.**

**d.-Colocarase un contador homologado de 13 mm na aliñación establecida nas NNSS de 1996 que se corresponde con 4 m ao eixo do camiño no que se localiza a rede de abastecemento.**

**e.-O interesado comunicarse coa empresa do servizo de abastecemento de auga, para que por esta se efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.**

**f.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.**

Co fin de garantir a reposición do firme presentarase ante este Concello unha Fianza de Douscentos euros (200 €) .-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARCOS DÍAZ LIRES, veciño de Fisterra , (Rexistro de Entrada 1.395 de 16/05/2018) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da instalación do servizo de saneamento e abastecemento de auga potable con destino a unha vivenda sita na localidade de Ermedesuxo (Referencia Catastral 15038A502004940000DT) conectando coa rede xeral que pasa pola zona .-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 16 de Xullo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

Conexión coa rede de saneamento:

a. -Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.-Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c.-Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descenderá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

**d.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.**

**e.-No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.**

**f.-O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.**

**g.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.**

**h.-Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.**

**i.-O interesado comunicarse coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.**



### Conexión coa rede de abastecemento:

a. -Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.-A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c.- Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.-Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e.-O interesado comunicarse coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

B) Visto o informe favorable emitido pola Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación de data 4/07/2018 e en aplicación do indicado no Artigo 17.a) da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia, ó ser considerado solo urbano; e ante a solicitude formulada polo Promotor, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Conceder prórroga na Licenza Urbanística outorgada por esta Xunta en sesión celebrada o día 22 de Marzo de 2013 a favor de GILBERTO CASTREJE LÓPEZ, veciño de Fisterra, para levar a cabo a finalización das obras de Reforma, Distribución e Reestructuración de Cuberta nunha edificación (Referencia Catastral 8504511MH7580S0001HD) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactados a tal efecto polo Arquitecto Pablo Santiberi Aguado visado con data 12 de decembro de 2012 así como ás condicións impostas por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na autorización de data 11 de Marzo de 2013 de que se dará traslado ó Promotor.

2) Manteranse todos e cantos condicionamentos foron impostos na concesión da licenza referida que constan no expediente.

3) Notificar dito acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, facéndolle saber que as obras deberán comezar no prazo de seis meses e rematar en tres anos.

Todo elo deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

### 3º.- Asuntos varios.-

Vista a petición formulada por parte de Manuel Carro López, sobre reclamación de cantidade en relación coas Dilixencias Previas de Procedemento Abreviado número 1001/ 2009 ( número de identificación único 15028 41 2 2009 0202934 ) e número 813 / 2015 ( número de identificación único 15028 41 2 2015 0001592) como consecuencia de liquidación de honorarios profesionais expedidos polo Avogado José Luis Gutiérrez Aranguren na Factura 112/2016 de data 19 de Decembro de 2016 polo importe de Tres mil seiscientos trinta euros ( 3.630,00 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido,

Visto o Informe solicitado e emitido por parte do Letrado Asesor Xurídico da Excma Diputación Provincial, Don Ramón Valentín López Rey de data 6 de Outubro de 2017 quen despois dunha serie de consideracións xurídicas sobre a citada reclamación, formula a Conclusión Única de que " Os profesionais externos vinculados co Concello de Fisterra mediante un contrato administrativo de servizos, non teñen dereito a ser indemnizados pola Corporación polos gastos de defensa e representación derivados da súa investigación en procedementos penais por causas derivadas do exercizo das súas funcións, dado que non son corporativos, nin empregados municipais".-

Á vista do seu contido, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes :

1) Denegar ó pago da cantidade reclamada por Manuel Carro López en concepto de Liquidación de Honorarios de Avogado nun importe de Tres mil seiscentos trinta euros (3.630,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base as razóns antes expostas, recollidas nas consideracións xurídicas do Informe que consta no expediente e de cuio contido darásese traslado o reclamante.--

2) Notificar dito acordo ó reclamante para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

### CONTRATO MENOR

Á vista da Resolución dictada por parte do Director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 2 de Maio de 2018 sobre Concesión de Axuda polo importe de Tres mil cincocentos euros (3.500 €) para levar a cabo o Control de Calidade das Obras denominadas "Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 Camiño de Escaselas a Praia de Rostro" cun presuposto total de execución que ascende a cantidade de Corenta mil setecentos cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (40.755,90 €) en base o Proxecto redactado pola Arquitecta do Departamento de Urbanismo nesta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade doa asistentes acorda:

1) Iniciar expediente de contrato menor para adxudicación da prestación do servizo de control de calidade externo das Obras antes mencionadas en base ó Prego de Prescricións Tércnicas cun presuposto de licitación que ascende á cantidade de Catro mil douscentos trinta e cinco euros ( 4.235,00 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido; todo ello de conformidade co disposto no Artigo 118 da Lei 9/2017 de 8 Novembro de Contratos do Sector Público.-

2.-Requerir ás seguintes Empresas para que no prazo de Catro días hábiles (4) contados a partires do seguinte ó do recibo desta comunicación presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado, dacordo co modelo que se acompañará a cada licitador :

DENOMINACION	DOMICILIO SOCIAL
Geonor Servicios Técnicos S.L.	Rúa Bell, 7 15660 CAMBRE ( A CORUÑA )
Applus Norcontrol S.L.U.	Estrada N VI, Km 582 - 1ª Planta 15168 SADA ( A Coruña )
Carmen Bouza Garcia Arquitecta	Lg/ Viadeiro, 18 Castro 15639 MIÑO ( A CORUÑA )

**Asi mesmo dentro do citado prazo deberán acompañar a seguinte Documentación :**

- Compromiso firme de levar a cabo os servizos de control de calidade de Obra axustándose na súa totalidade ó Prego de Prescripcións Técnicas con aceptación do mesmo.-**
- Declaración responsable de que a Empresa non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas na Lei de Contratos vixente.-**
- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social.-**
- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Pública.-**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 22:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.